

Estimadas familias:

Para o mellor funcionamento do campamento poñemos á vosa disposición información de interese de cara a chegada e saída da **ENGLISH WEEK**.

Para facilitar o acceso ás instalacións a entrada e saída ao campamento levarase a cabo en diferentes horarios en función do centro educativo. Informarase aos centros educativos correspondentes o horario asignado.

Debido á situación xeográfica dos Peares hai un número moi reducido de espazos para aparcar, polo que se agradece a súa colaboración de antemán e prégaselles que cumpran as seguintes instrucións coa maior exactitude posible para axudar á correcta e rápida recepción do alumnado:

- Sempre que sexa posible, agradeceuse o acceso ás instalacións nun único autobús por centro educativo.
- Os representantes legais poderán acompañar o alumnado á entrada por un tempo aproximado de 15-20 minutos como máximo, transcorrido ese tempo, as familias terán que abandonar as instalacións para permitir a entrada do seguinte grupo de alumnos/as.
- Na chegada ao recinto, deberán acompañar ao alumnado xunto coa súa equipaxe ás mesas designadas para o seu rexistro no edificio Aulario. As mesas alí situadas serán as seguintes:
 - Mesa 1 e 2: Realización do rexistro. Todos os/as participantes deberán pasar por esta mesa para identificarse e poder acceder ó campamento. O/a pai, nai ou titor/a legal deberá firmar o rexistro de entrada do neno/a mostrando o seu DNI. Nesta mesma mesa farase entrega da tarxeta sanitaria do/a participante que se devolverá ó finalizar a **ENGLISH WEEK**.
 - Mesa 3: Cuestións médicas. Nesta mesa os/as participantes farán entrega dos medicamentos e de calquera información pertinente ó respecto. Os medicamentos deberán vir todos xuntos nunha bolsa identificada cos seguintes datos: nome completo do/a participante e a información detallada sobre o suministro de dito medicamento ou medicamentos.
 - Mesa 4: Depósito de teléfonos móbiles. Nesta mesa os/as participantes depositarán os teléfonos móbiles que traeran perfectamente identificados con nome e apelidos.
 - Mesa 5: Incidencias. Deberán acudir aqueles/as participantes que non estean nas listaxes ou teñan calquera outra incidencia.

Unha vez finalizado o rexistro os/as nenos/as quedarán a cargo dos/as monitores/as.

A saída da **ENGLISH WEEK** levarase a cabo seguindo a mesma dinámica da entrada, tanto en relación aos horarios como as mesas de rexistro:

- Mesa 1 e 2: Realización do rexistro. Nesta mesa entregarase de volta a tarxeta sanitaria do/a participante e firmarase o rexistro de saída por parte do/a pai, nai, titor/a legal ou persoa previamente autorizada.

- Mesa 3: Cuestións médicas. Procederemos á devolución dos medicamentos proporcionados o día de entrada.
- Mesa 4: Recollida de teléfonos móbiles.
- Mesa 5: Incidencias. Nesta mesa resolverase calquera tipo de dúbida ou incidencia.